

# Regulamento “ III Carreira 5K/10k Nocturna Burela Bonita”.

**Artigo 1: Organización e denominación da proba.** O Concello de Burela organiza a “ III Carreira 10 km Nocturna Burela Bonita”, cunha distancia de 5.000 metros (1 volta) e 10.000 metros (dúas voltas)

**Artigo 2: Entidades colaboradoras.** Colaboran na organización da proba o Concello de Burela, Champion Chip Norte, as entidades deportivas locais , Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Burela, Policía Local e marcas comerciais.

**Artigo 3: Participantes.** Na carreira 5 k / 10 k nocturna Burela Bonita poderán participar persoas con maioría de idade e de ámbolos sexos.(masculino/feminino).

**Artigo 4~: Inscripcións.** As inscricións son persoais e intransferibles e cunha cota de 8 € No momento de realizar a inscrición suponse a aceptación do regulamento da III Carreira 10k Nocturna Burela Bonita.

Non se aceptarán devolucións

Prazo de inscrición na proba realizarase ata o 19 de Xullo de 2018.

As formas e lugares de inscrición son as seguintes:

- Na web [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com)

**Artigo 5: Data, proba , horarios e peche control.** A III Carreira Nocturna Burela Bonita realizarase o Sábado 21 de Xullo de 2018 ás 22:30 horas, cerrando o prazo de recollida de dorsais trinta minutos antes da proba. O peche de control terá un tempo máximo de unha hora e media. O horario da proba estará comprendido de 1/2 horas.

**Artigo 6: Dorsais.** Os dorsais poderán ser recollidos na Praza de Abastos de Burela nos seguintes horarios:

Venres 20 de xullo de 18:00h a 20:30h

Sábado 21 de Xullo de 19:00h a 21:00h

É necesaria a presentación do DNI para a recollida dos dorsais.

**Artigo 7: Dorsal acreditativo visible.** O dorsal acreditativo deberá levarse en todo momento á altura do peito, e claramente visible na súa totalidade. A participación sen dorsal, con dorsal non oficial, ou co dorsal correspondente a outro corredor implica a expulsión inmediata da proba por parte da Organización.

O/a corredor/a debe indicar no reverso do dorsal calquera circunstancia a ter en conta en caso de atención médica urxente durante a proba ( alerxia a medicamentos, etc )

**Artigo 8: Control técnico de carreira.** O control da carreira realizarase a través de Championchipnorte, Protección Civil, Policía Local e Voluntarios.

**Artigo 9: Médico.** O médico da proba, en coordinación co control técnico de carreira poderá descalificar a aquel participante que ó seu xuízo manifeste incapacidade para continuar a proba con seguridade

**Artigo 10: Descalificacións.** Serán descalificados os participantes que non respeten as indicacións da

Policía Local, Protección Civil, Xuíces, Servizos Médicos ou membros da organización dos, así como os que non realicen todo o circuito da carreira, non leven o dorsal ou o manipulen, ou falsifiquen datos personales.

**Artigo 11: Circuito..** No circuito o tráfico estará totalmente pechado ás persoas alleas á proba nos seguintes termos: dende trinta minutos previos á proba e durante a celebración da mesma ,tendo os/as deportistas o uso exclusivo da vía entre o vehículo de apertura e o de peche, e sendo só os vehículos autorizados os que poderán seguir a proba.

A carreira realízase pola calzada de tráfico rodado sen invadir as aceras reservadas para peóns, con excepción dos espazos peonís que se inclúen no circuito. A non observancia desta norma, así como recortar sobre o trazado oficial poderá supoñer a descalificación na proba.

Circuito cunha distancia de 5 KM, segundo a seguinte folia de ruta:  
Saida da praza da mariña,rua manuel murguia,rua curros enriquez,rua pardo bazan,rua eijo garay, avenida da mariña, paseo marítimo ,playa urbana ,avenida da mariña,rua eijo garay,rua rio masma,rua lamestra,rua castelao e plaza da mariña.

5k unha volta a o circuito  
10k duas voltas a o circuito

Circuito a duas voltas de 5 km

## **Artigo 12: Categorías**

### **Categorías da proba absoluta**

#### **10 KM**

- **SUB 18: 2001-2002**
- **SUB 20: 1999-2000**
- **SUB 23: 1996-1998**
- **SENIOR: 1995 ata 34 anos**
- **MASTER 1: de 35 a 44 anos**
- **MASTER 2: de 45 a 54 anos**
- **MASTER 3: de 55 a 64 anos**
- **MASTER 4: 65 anos e posteriores**

#### **5 KM**

### **Categoría absoluta masculina e femeniana**

### **Probas de menores**

- **21:30 – PITUFOS (2011 E POSTERIORES) 150 metros**
- **21:35 – SUB 10 (2009-2010) 600 metros**
- **21:40 – SUB 12 (2007-2008) 1200 metros**
- **21:50 – SUB 14 (2005-2006) / SUB 16 (2003-2004) 1800 metros**

**Artigo 13: Clasificacións.** Establencense as seguintes clasificacións :

Clasificación por categorías masculina e feminina.

Clasificación : Mellor local clasificado.

As reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, non máis tarde de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados. Se son desestimadas por éste poderase presentar reclamación por escrito e acompañada dun depósito de 60 euros ao Xurado de Apelación.

**Artigo 14:** Cando un participante non se atope en condicións de cumprir o tempo máximo previsto dende o inicio da carreira ou o sobrepase, será superado polo vehículo con bandeira verde, que indica o final da zona de competición, e deberá abandonar a vía e en todo caso a partir de ese momento será considerado un usuario normal da vía, debendo cumprir as normas e sinais.

**Artigo 15: Premios e trofeos.**

#### **CATEGORIA MASCULINA :**

**PRIMEIRO CLASIFICADO-----100€+ TROFEO**

**SEGUNDO CLASIFICADO-----50€+ TROFEO**

**TERCEIRO CLASIFICADO-----+ TROFEO**

#### **CATEGORIA FEMININA :**

**PRIMEIRO CLASIFICADO----- 100€+ TROFEO**

**SEGUNDO CLASIFICADO-----50€+ TROFEO**

**TERCEIRO CLASIFICADO----- + TROFEO**

**Trofeo para os tres primeiros de cada categoría (os premios serán acumulativos)**

**MELLOR CORREDOR LOCAL DO CONCELLO-----100€**

## **MENORES (haberá premios para os tres primeiros de cada categoría)**

**Artigo 16:** Tódolos corredores polo feito de inscribirse aceptan a publicación do seu nome e imaxen na clasificación, medios de comunicación e Internet para promoción da proba, e consenten expresamente a cesión dos seus datos para todo o relacionado ca participación na proba ás entidades que a organización encomende os procedementos de inscrición, clasificación, reclamacións, aseguramento dos atletas, etc. indicándose nese momento a forma e lugar para exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición se fora o caso.

**Artigo 17: Suspensión da proba.** A organización poderá decidir a suspensión da proba con carácter previo ou durante o transcurso da mesma por calquer causa que afecte á seguridade na celebración da mesma ( alertas de temporais, etc ), non xenerándose dereito algún cara aos inscritos.

**Artigo 18:** Todo o non disposto na presente normativa rexerase polas normas de Competición da FGA, RFEA e IAAF para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores.